



GUÍA DO PROGRAMA RAX – FERTILIZACIÓN DE ESTABLECEMENTO DE PRADEIRAS

Introdución

Este programa permítelle obter unha recomendación de fertilización para aplicar antes de establecer unha pradeira, baseada no uso de xurro como fertilizante principal.

Proceso de rexistro


O proceso de rexistro é completamente gratuíto, e só ten como misión coñecer os usuarios conectados e ofrecer un mellor servizo.

Primeira vez que se accede ao programa

O primeiro é crear unha conta premendo en [rexistrarse](#).

Despois de introducir os datos persoais: nome, apelidos e correo electrónico, debe elixir un nome de usuario e un contrasinal que serán **os dous datos que debe lembrar** porque os deberá introducir cada vez que inicie a súa sesión.

Xa accedeu ao programa anteriormente

Introduza o nome de usuario e o contrasinal creados a primeira vez que accedeu ao programa e pulse .

rexistrarse na nosa base de datos para poder ter un control dos usuarios conectados e ofrecer así un mellor servizo. O proceso de rexistro é completamente gratis'. Below this message is a login form titled 'Introduzca sus datos'. The form has two input fields: 'Usuario' and 'Contraseña'. Below the 'Contraseña' field is a green button labeled 'Acceder'. Red boxes highlight the 'rexistrarse' link and the 'Acceder' button." data-bbox="145 544 852 837"/>



Datos necesarios

NOTA IMPORTANTE: O SEPARADOR DECIMAL É O PUNTO, os números debe introducilos como 6.5, se introduce o número como 6,5 o valor que tomará o programa será 6.

Para obter a recomendación de fertilización é necesario que introduza:

- Os datos da análise de solo
- Os datos da análise de xurro

Teña en conta que a análise de xurro pode optar por obtela a partir de:

- Un valor medio de xurro de vacún (media de 217 mostras analizadas).
- Unha análise de laboratorio (xurro de vacún ou xurro de porcino).
- A densidade do xurro de vacún.
- A densidade e a condutividade do xurro de vacún diluído (1:10).

Polo que o primeiro é elixir a opción correspondente do menú principal (parte superior):

Pestana pestana pestana

ou pestana

Recomendación de Encalado (REN) - Recomendacións de Abonado con Xurros (RAX): Fertilización de Millo Forraxeiro - Fertilización de Establecemento de Pradeiras - Fertilización Anual de Pradeiras - Fertilización de Cultivos Forraxeiros de Inverno

RAX - Fertilización de Establecemento de Pradeiras

Para obter a Fertilización de Establecemento de Pradeiras é necesario, que introduza os datos de análise de solo, e os de análise de xurro. Teña en conta que para a análise de xurro pode optar por obtela a partir dun valor medio de xurro de vacún (media de 217 mostras analizadas), a partir da densidade do xurro de vacún, introducindo a análise de laboratorio, ou a partir da densidade coa condutividade do xurro de vacún diluído (1:10) polo que a continuación debe elixir a opción correspondente do menú principal.

Home Recomendacións Lenda



FEADER:
Europa inviste no rural

Nota: Para ver as necesidades de fertilización cun xurro de porcino só temos a opción de introducir os datos dunha análise de laboratorio.



OPCIÓN 1: Valor medio do xurro de vacún.

Recomendación de Encañado (REN) - Recomendacións de Abonado con Xurros (RAX): Fertilización de Millo Forraxeiro - Fertilización de Establecemento de Pradeiras - Fertilización Anual de Pradeiras - Fertilización de Cultivos Forraxeiros de Inverno

RAX - Fertilización de Establecemento de Pradeiras

Para obter a Fertilización de Establecemento de Pradeiras é necesario, que introduza os datos de análise de solo, e os de análise de xurro. Teña en conta que para a análise de xurro pode optar por obtela a partir dun valor medio de xurro de vacún (media de 217 mostras analizadas), a partir da densidade do xurro de vacún, introducindo a análise de laboratorio, ou a partir da densidade coa condutividade do xurro de vacún diluído (1:10) polo que a continuación debe elixir a opción correspondente do menú principal.

Home **Valor medio** Análise xurro Densidade xurro Condutividade e densidade xurro Recomendacións Lenda

Análise do xurro	Análise do solo	Eficiencia na aplicación do Nitróxeno
Materia Seca (%): 7.42	Nome da parcela: <input type="text"/>	Aplicación en coberteira <input type="checkbox"/> Aplicación en enterrado <input type="checkbox"/>
N (% sobre materia seca): 3.81	Produción de materia seca esperada(t/ha): 10 <small>De non introducir valor tomará 10 t/ha</small>	Finais do inverno <input type="text"/> Condicións óptimas <input type="text"/>
P (% sobre materia seca): 0.78	Al (%)(opcional): <input type="text"/>	Eficiencia 0.72
K (% sobre materia seca): 3.72	P (ppm): <input type="text"/>	
Densidade xurro (kg/l): 1.07 <small>De non introducir valor tomará 1.07 kg/l</small>	K (ppm): <input type="text"/>	

O programa calcula o abono mineral complementario para 20 m³/ha de xurro aplicado. Se desexa coñecer o abono mineral complementario para unha determinada cantidade aplicada de xurro(m³/ha), introduza o devandito valor (no caso de non introducir un valor o programa tomará o valor 40 m³/ha):

Seleccione o tipo de fertilizante complementario ó xurro

Fertilizante: Urea 46% (46-0-0) Asegurar: N

Os datos necesarios son:

Análise do xurro. Non é necesario introducir ningún valor

Cantidade de xurro a aplicar. O programa por defecto preséntanos na saída dúas opcións: aplicar 20 m³/ha de xurro ou aplicar 40 m³/ha de xurro. O programa permite cambiar esta segunda opción e definir os metros cúbicos por hectárea de xurro que se queren aplicar ben previamente aos cálculos obtidos ou posteriormente aos cálculos obtidos e despois pulsar **Obter recomendación**. Así mesmo calcula *as unidades fertilizantes complementarias* á dose de xurro introducida para cubrir as necesidades do cultivo.

Selección do tipo de fertilizante. O programa permítelle elixir entre diferentes fertilizantes e calcula os Kg necesarios dese fertilizante para satisfacer *as unidades fertilizantes complementarias* ao xurro. En función do tipo de fertilizante pódese elixir o nutriente que queremos aportar na súa totalidade: N, P₂O₅ ou K₂O e o programa posteriormente indicaranos se quedan pendentes de satisfacer as necesidades dalgúns destes nutrientes.

Análise do solo. Introducimos:

- O nome da parcela (opcional).



- A produción de materia seca esperada (t/ha). De non introducir ningún valor o programa toma o valor de 10 t/ha.
- O contido en fósforo do solo en partes por millón: P (ppm).
- O contido en potasio do solo en partes por millón: K (ppm).
- A porcentaxe de saturación de aluminio: Al (%) (opcional).

Esta porcentaxe pode vir nas análises de solo ou pódese calcular a partir dos catións do complexo de cambio: aluminio ou acidez de cambio, calcio, magnesio, potasio e sodio que poden vir expresados como meq/100g ou cmol/kg, sendo:

$$\text{Al}(\%) = (\text{Al} * 100) / (\text{Al} + \text{Ca} + \text{Mg} + \text{K} + \text{Na})$$

Exemplo:

Acidez de cambio ou aluminio (Al): 0.4 cmol/kg

Calcio (Ca): 4.48 cmol/kg

Magnesio (Mg): 0.47 cmol/kg

Potasio (K): 0.97 cmol/kg

Sodio (Na): 0.17 cmol/kg

$$\text{Al}(\%) = (0.4 * 100) / (0.4 + 4.48 + 0.47 + 0.97 + 0.17) = 40 / 6.49 = \mathbf{6.16}$$

Eficiencia na aplicación do nitróxeno. Un factor moi importante a ter en conta para mellorar o aproveitamento do nitróxeno é o enterrado do xurro para evitar as perdas do nitróxeno amoniacal cara á atmosfera. Se o xurro non se enterra pódese volatilizar a totalidade do nitróxeno amoniacal, que representa aproximadamente un 50% do nitróxeno no xurro de vacún. O 50% das perdas de amoníaco acontecen dentro das 4-12 horas despois da aplicación do xurro. A incorporación con grades pode diminuír as perdas de nitróxeno.

No programa podemos elixir:

- Aplicación en coberteira, e neste caso a época de aplicación (primavera, finais de inverno ou outono) e as condicións de aplicación (óptimas, regulares e malas).
- Aplicación con enterrado, e neste caso condicións de aplicación (óptimas, regulares e malas) e se o enterrado é inmediato (incorporación dentro das 4 horas despois da aplicación do xurro) ou no mesmo día (incorporación dentro das 12 horas despois da aplicación do xurro).

Canto maior sexa a eficiencia menor cantidade de xurro necesitaremos para satisfacer as necesidades de nitróxeno do cultivo.

Nota: As condicións óptimas de aplicación de xurro son:

- Elevada humidade relativa do aire: orballo, ao amencer ou ao atardecer.
- Vento en calma.
- Baixas temperaturas.

As condicións malas de aplicación de xurro son:

- Tempo seco, mediodía.
- Forte vento.
- Altas temperaturas.

Unha vez introducidos todos os valores pulsamos

[Obter recomendación](#)

Obtida a recomendación temos dúas opcións (parte inferior):

Imprimila

[Imprimir](#)

ou gardala

[Gardar recomendación](#)



OPCIÓN 2: Análise do xurro de vacún ou xurro de porcino.

Recomendación de Encalado (REN) - Recomendacións de Abonado con Xurros (RAX): Fertilización de Millo Forraeiro - Fertilización de Establecemento de Pradeiras - Fertilización Anual de Pradeiras - Fertilización de Cultivos Forraeiros de Inverno

RAX - Fertilización de Establecemento de Pradeiras

Para obter a Fertilización de Establecemento de Pradeiras é necesario, que introduza os datos de análise de solo, e os de análise de xurro. Teña en conta que para a análise de xurro pode optar por obtela a partir dun valor medio de xurro de vacún (media de 217 mostras analizadas), a partir da densidade do xurro de vacún, introducindo a análise de laboratorio, ou a partir da densidade coa condutividade do xurro de vacún diluído (1:10) polo que a continuación debe elixir a opción correspondente do menú principal.

Home Valor medio **Análise xurro** Densidade xurro Condutividade e densidade xurro Recomendacións Lenda

Análise do xurro	Análise do solo	Eficiencia na aplicación do Nitróxeno
Materia Seca (%): <input type="text"/>	Nome da parcela: <input type="text"/>	Aplicación en cobertura <input type="text"/> Aplicación en enterrado <input type="text"/>
N (% sobre materia seca): <input type="text"/>	Produción de materia seca esperada(t/ha): <input type="text" value="10"/> <small>De non introducir valor tomará 10 t/ha</small>	Finais do inverno <input type="text"/> Condicións óptimas <input type="text"/>
P (% sobre materia seca): <input type="text"/>	AI (%)(opcional): <input type="text"/>	Eficiencia <input type="text" value="0.72"/>
K (% sobre materia seca): <input type="text"/>	P (ppm): <input type="text"/>	
Densidade xurro (kg/l): <input type="text" value="1.07"/> <small>De non introducir valor tomará 1,07 kg/l</small>	K (ppm): <input type="text"/>	

O programa calcula o abono mineral complementario para 20 m³/ha de xurro aplicado. Se desexa coñecer o abono mineral complementario para unha determinada cantidade aplicada de xurro(m³/ha), introduza o devandito valor (no caso de non introducir un valor o programa tomará o valor 40 m³/ha):

Seleccione o tipo de fertilizante complementario ó xurro

Fertilizante Asegurar

[Obter recomendación](#)

Os datos necesarios son:

Análise do xurro. É necesario introducir os seguintes valores: porcentaxe da materia seca, contido en nitróxeno, fósforo e potasio expresado en porcentaxe sobre a materia seca e a densidade do xurro (*se non se ten o valor da densidade o programa por defecto empregará o valor medio de 1.07 kg/l*).

Para determinar a densidade tómase unha mostra da cisterna ou da fosa remexendo previamente o xurro, depositamos o xurro recollido nunha probeta ou nun caldeiro coa suficiente profundidade, remexemos o xurro e depositamos un densímetro facendo a lectura aos cinco minutos.

Introducimos tamén os seguintes valores (VER OPCIÓN 1, páxinas 3 e 4):

Cantidade de xurro a aplicar.

Selección do tipo de fertilizante.

Análise do solo.

Eficiencia na aplicación do nitróxeno.

Unha vez introducidos todos os valores pulsamos [Obter recomendación](#).

Obtida a recomendación temos dúas opcións (parte inferior):

Imprimila [Imprimir](#) ou gardala [Gardar recomendación](#).



OPCIÓN 3 : Densidade do xurro de vacún.

Recomendación de Encalado (REN) - Recomendacións de Abonado con Xurros (RAX): Fertilización de Millo Forraxeiro - Fertilización de Establecemento de Pradeiras - Fertilización Anual de Pradeiras - Fertilización de Cultivos Forraxeiros de Inverno

RAX - Fertilización de Establecemento de Pradeiras

Para obter a Fertilización de Establecemento de Pradeiras é necesario, que introduza os datos de análise de solo, e os de análise de xurro. Teña en conta que para a análise de xurro pode optar por obtela a partir dun valor medio de xurro de vacún (media de 217 mostras analizadas), a partir da densidade do xurro de vacún, introducindo a análise de laboratorio, ou a partir da densidade coa condutividade do xurro de vacún diluído (1:10) polo que a continuación debe elixir a opción correspondente do menú principal.

Home Valor medio Análise xurro **Densidade xurro** Condutividade e densidade xurro Recomendacións Lenda

Estimar a partir da densidade do xurro de vacún.

Densidade xurro vacún (Kg / litro):

Obter recomendacion

Os datos necesarios son:

Densidade do xurro (kg/l). A composición química do xurro pode estimarse coñecendo a densidade, a cal se relaciona coa materia seca e coa composición química (contido de nitróxeno, fósforo e potasio).

Para determinar a densidade tómase unha mostra da cisterna ou da fosa remexendo previamente o xurro, depositamos o xurro recollido nunha probeta ou nun caldeiro coa suficiente profundidade, removemos o xurro e depositamos un densímetro facendo a lectura aos cinco minutos.

Introducimos o valor da densidade do xurro e pulsamos

Obter recomendacion

Introducimos tamén os seguintes valores (VER OPCIÓN 1, páxinas 3 e 4):

Cantidade de xurro a aplicar.

Selección do tipo de fertilizante.

Análise do solo.

Eficiencia na aplicación do nitróxeno.

Unha vez introducidos todos os valores pulsamos

Obter recomendacion

Obtida a recomendación temos dúas opcións (parte inferior):

Imprimila

Imprimir

ou gardala

Gardar recomendación



OPCIÓN 4 : Condutividade e densidade do xurro de vacún.

Unha estimación máis precisa da composición química do xurro de vacún faise a partir da medida da condutividade e da densidade, o que mellora notablemente (respecto a ter en consideración só a densidade) a estimación dos contidos de nitróxeno e potasio e lixeiramente a estimación dos contidos de fósforo.

Recomendación de Encalado (REN) - Recomendacións de Abonado con Xurros (RAX): Fertilización de Millo Forraxeiro - Fertilización de Establecemento de Pradeiras - Fertilización Anual de Pradeiras - Fertilización de Cultivos Forraxeiros de Inverno

RAX - Fertilización de Establecemento de Pradeiras

Para obter a Fertilización de Establecemento de Pradeiras é necesario, que introduza os datos de análise de solo, e os de análise de xurro. Teña en conta que para a análise de xurro pode optar por obtela a partir dun valor medio de xurro de vacún (media de 217 mostras analizadas), a partir da densidade do xurro de vacún, introducindo a análise de laboratorio, ou a partir da densidade coa condutividade do xurro de vacún diluído (1:10) polo que a continuación debe elixir a opción correspondente do menú principal.

Home Valor medio Análise xurro Densidade xurro **Condutividade e densidade xurro** Recomendacións Lenda

Estimar a partir da condutividade (mS/cm) do xurro diluído (1:10) en combinación coa densidade (Kg/l) do xurro de vacún (sen diluir).

Condutividade (mS/cm) do xurro diluído (1:10) *

Densidade (Kg/l) do xurro de vacún (sen diluir)

* Engadir a unha parte de xurro nove partes de auga. Por exemplo engadir a 100ml de xurro 900ml de auga, axitaremos e mediremos cun condutímetro a condutividade.

Os datos necesarios son:

Condutividade do xurro (mS/cm). Para determinar a condutividade tomamos unha mostra de 100 ml de xurro da cisterna ou da fosa, remexendo previamente o xurro, estes 100 ml introducímolos nunha probeta de 1000 ml de capacidade que logo enchamos con auga ata os 1000 ml. Remexemos, e cun condutímetro (previamente calibrado) mídese a condutividade eléctrica introducíndoo directamente no xurro diluído.

Densidade do xurro (kg/l). Para determinar a densidade tómase unha mostra da cisterna ou da fosa remexendo previamente o xurro, depositamos o xurro recollido nunha probeta ou nun caldeiro coa suficiente profundidade, remexemos o xurro e depositamos un densímetro facendo a lectura aos cinco minutos.

Introducidos os valores da condutividade e da densidade do xurro e pulsamos

Introducimos tamén os seguintes valores (VER OPCIÓN 1, páxinas 3 e 4):

Cantidade de xurro a aplicar.

Selección do tipo de fertilizante.

Análise do solo.

Eficiencia na aplicación do nitróxeno.

Unha vez introducidos todos os valores pulsamos

Obtida a recomendación temos dúas opcións (parte inferior):

Imprimila ou gardala



Acceso ás recomendacións gardadas

O acceso ás recomendacións gardadas está na parte superior dereita da pantalla.

Recomendación de Encalado (REN) - Recomendacións de Abonado con Xurros (RAX): Fertilización de Millo Forraxeiro - Fertilización de Establecemento de Pradeiras - Fertilización Anual de Pradeiras - Fertilización de Cultivos Forraxeiros de Inverno

RAX - Fertilización de Establecemento de Pradeiras

Para obter a Fertilización de Establecemento de Pradeiras é necesario, que introduza os datos de análise de solo, e os de análise de xurro. Teña en conta que para a análise de xurro pode optar por obtela a partir dun valor medio de xurro de vacún (media de 217 mostras analizadas), a partir da densidade do xurro de vacún, introducindo a análise de laboratorio, ou a partir da densidade coa condutividade do xurro de vacún diluído (1:10) polo que a continuación debe elixir a opción correspondente do menú principal.

Home Valor medio Análise xurro Densidade xurro Condutividade e densidade xurro **Recomendacións** Lenda

Fecha de guardado	Parcela	
23/01/2017 14:08:53	REVOLTA	Ver
23/01/2017 14:08:43	BRAÑA	Ver



Interpretación dos resultados obtidos

Temos o seguinte exemplo de entrada de datos:

Recomendación de Encalado (REN) - Recomendacións de Abonado con Xurros (RAX): Fertilización de Millo Forraxeiro - Fertilización de Establecemento de Pradeiras - Fertilización Anual de Pradeiras - Fertilización de Cultivos Forraxeiros de Inverno

RAX - Fertilización de Establecemento de Pradeiras

Para obter a Fertilización de Establecemento de Pradeiras é necesario, que introduza os datos de análise de solo, e os de análise de xurro. Teña en conta que para a análise de xurro pode optar por obtela a partir dun valor medio de xurro de vacún (media de 217 mostras analizadas), a partir da densidade do xurro de vacún, introducindo a análise de laboratorio, ou a partir da densidade coa condutividade do xurro de vacún diluído (1:10) polo que a continuación debe elixir a opción correspondente do menú principal.

Home Valor medio **Análise xurro** Densidade xurro Condutividade e densidade xurro Recomendacións Lenda

Análise do xurro	Análise do solo	Eficiencia na aplicación do Nitróxeno
Materia Seca (%): 7.42	Nome da parcela: FERVENZA	Aplicación en coberteira Aplicación en enterrado
N (% sobre materia seca): 3.81	Produción de materia seca esperada(t/ha): 11 <small>De non introducir valor tomará 10 t/ha</small>	Condições óptimas Enterrado inmediatame
P (% sobre materia seca): 0.78	AI (%)(opcional): 18	Eficiencia 0.81
K (% sobre materia seca): 3.72	P (ppm): 30	
Densidade xurro (kg/l): 1.07 <small>De non introducir valor tomará 1,07 kg/l</small>	K (ppm): 150	

O programa calcula o abono mineral complementario para 20 m³/ha de xurro aplicado. Se desexa coñecer o abono mineral complementario para unha determinada cantidade aplicada de xurro(m³/ha), introduza o devandito valor (no caso de non introducir un valor o programa tomará o valor 40 m³/ha):

50

Selecione o tipo de fertilizante complementario ó xurro

Fertilizante	Asegurar
Superfosfato 18% (0-18-0)	P2O5

Obter recomendación

Tras pulsar **Obter recomendación** obtemos a seguinte recomendación:



Na parte superior temos un resumo dos datos introducidos:

Cálculo feito a partir da media de 217 mostras analizadas.

Data: 17/02/2017

Parcela: FERVENZA

Imprimir Gardar recomendación

Valor Fertilizante 1m3	
Fertilizante	UF
N:	3.02
P2O5:	1.42
K2O:	3.54

10 m3 equivalen a		
Fertilizante	Kg	Coste €
Urea 46%:	53	29
Superfosfato 45%:	32	17
Cloruro Potásico 60%:	59	27
		Total: 72.66 €

Análise de terra	
P(ppm):	30
K(ppm):	150
Saturación aluminio %:	18

Valor fertilizante de 1 m³ de xurro: son as unidades fertilizantes de nitróxeno, fósforo e potasio que hai nun metro cúbico de xurro. Neste caso en 1 m³ de xurro teríamos 3.02 unidades fertilizantes de nitróxeno (3 Kg de N/m³), 1.42 unidades fertilizantes de fósforo (1.42 Kg de P₂O₅/m³), e 3.54 unidades fertilizantes de potasio (3.54 Kg de K₂O/m³).

10 m³ equivalen a: Indícanos as cantidades de fertilizantes simples necesarios para aportar a mesma cantidade de nitróxeno, fósforo e potasio que aportan 10 m³ de xurro, e o custo deses fertilizantes.

Análise de terra: Valores introducidos polo usuario.



Na parte inferior temos:

Abonado da pradeira (m ³ de xurro/ha)		Necesidades de encalado (t de caliza cun 100% de riqueza/ha)	
Nitróxeno:	18	CaCO ₃ :	1.4
Fósforo:	63		
Potasio:	47		
<i>Para o fósforo e o potasio débese considerar o xurro aplicado nos últimos seis meses</i>			
Abonado da pradeira (50m ³ de xurro/ha + Kg de nutrientes/ha)		Necesidades pendentes de satisfacer se aplicamos 103 Kg/ha de 0-18-0	
kg de N:	0	kg de N	0
kg de P ₂ O ₅ :	18	kg de P ₂ O ₅	0
kg de K ₂ O:	0	kg de K ₂ O	0
Abonado da pradeira (20m ³ de xurro/ha + Kg de nutrientes/ha)		OU	
Necesidades pendentes de satisfacer se aplicamos 339 Kg/ha de 0-18-0		kg de N	0
kg de N:	0	kg de P ₂ O ₅	0
kg de P ₂ O ₅ :	61	kg de K ₂ O	96
kg de K ₂ O:	96		

Necesidades de encalado. As necesidades de encalado fanse para aplicacións de calcaria cun 100% de riqueza. Para outras riquezas ou materiais encalantes pode utilizarse o programa REN (Recomendación de encalado).

Abonado da pradeira (m³ de xurro/ha). Indícanos as cantidades de xurro que teríamos que aplicar para satisfacer as necesidades nutricionais da pradeira. Neste caso se queremos satisfacer as necesidades totais de nitróxeno nas condicións de aplicación seleccionadas teríamos que aplicar 18 m³/ha de xurro, se queremos satisfacer as necesidades totais de fósforo teríamos que aplicar 63 m³/ha de xurro e para satisfacer as necesidades totais de potasio teríamos que aplicar 47 m³/ha de xurro.

O programa permite elixir entre dúas recomendacións:

➤ **RECOMENDACIÓN PRIMEIRA.**

Abonado do millo (50 m³ de xurro/ha + kg de nutrientes/ha). Neste exemplo introducimos ao inicio que iamos aplicar 50 m³/ha de xurro, e o programa dinos que ao cultivo sería necesario ademais aplicarlle 0 unidades fertilizantes de nitróxeno (0 Kg de N/ha), 18 unidades fertilizantes de fósforo (18 Kg de P₂O₅/ha), e 0 unidades fertilizantes de potasio (0 Kg de K₂O/ha).



Necesidades pendentes de satisfacer se aplicamos 103 kg/ha de 0-18-0 (superfosfato do 18%). Para complementar a aplicación de 50 m³/ha de xurro temos que engadir 18 unidades fertilizantes de fósforo (18 Kg de P₂O₅/ha). Ao inicio seleccionamos como complemento ao xurro o fertilizante 0-18-0 (superfosfato do 18%) e o nutriente que queremos aportar na súa totalidade: P₂O₅, co que o fósforo que o cultivo necesita estaría aplicado.

➤ **RECOMENDACIÓN SEGUNDA.**

Abonado do millo (20 m³ de xurro/ha + kg de nutrientes/ha). No caso de aplicar 20 m³/ha de xurro o programa danos tamén as unidades fertilizantes que neste caso necesitaría a maiores o cultivo: 0 unidades fertilizantes de nitróxeno (0 Kg de N/ha), 61 unidades fertilizantes de fósforo (61 Kg de P₂O₅/ha), e 96 unidades fertilizantes de potasio (96 Kg de K₂O/ha).

Necesidades pendentes de satisfacer se aplicamos 339 kg/ha de 0-18-0 (superfosfato do 18%). Para complementar a aplicación de 20 m³/ha de xurro temos que engadir 61 unidades fertilizantes de fósforo (61 Kg de P₂O₅/ha), e 96 unidades fertilizantes de potasio (96 Kg de K₂O/ha). Ao inicio seleccionamos como complemento ao xurro o fertilizante 0-18-0 (superfosfato do 18%) e o nutriente que queremos aportar na súa totalidade P₂O₅, co que o fósforo que o cultivo necesita estaría aplicado e de potasio quedaríanos por aplicar 96 kg de K₂O/ha.